

RESOLUCIÓN DA CONCELLARÍA DELEGADA NÚM. 429/2016

Asunto: PROPOSTA DE LISTA DE APROBADOS PRIMERO EXAME TIPO TEST. MODIFICACIÓN DA DATA E LUGAR DO SEGUNDO EXAME

PROCESO SELECCIÓN AUXILIAR ADMINISTRIVO (BOP NÚM. 180 do 21/09/2015). COBERTURA BAIXA POR XUBILACIÓN

Por Resolución do alcalde-presidente núm. 1775 do 8 de setembro de 2015, publicada no BOP núm. 180, do 21 de setembro, aprobar as bases e convocatoria do proceso de selección de referencia.

O pasado 05/03/2016 celebrouse o primeiro exame tipo test do proceso de selección, e vista o acta do tribunal cualificador do 14 de marzo de 2016, en virtude das competencias delegadas por Resolución da Alcaldía núm. 318/2016 do 24 de febreiro, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Formular proposta de aprobados do exame tipo test dacordo á proposta do tribunal de selección que figura anexo a esta Resolución.

SEGUNDO. Conceder un prazo de 5 días naturais a contar a partir do día da publicación desta Resolución a efectos de posibles reclamacións. Ponse de manifesto que o día martes 22 de marzo de 2016, entre as 12.00 e as 14.00 horas o tribunal cualificador estará nas dependencias municipais para quen desexe revisar o seu exame.

TERCEIRO. MODIFICAR A DATA E LUGAR DO SEGUNDO EXAME: terá lugar o vindeiro 5 (CINCO) DE ABRIL DE 2016, ÁS 11:00 HORAS NO SALÓN DE PLENOS DA CASA DO CONCELLO

CUARTO. Publicar esta resolución no Taboleiro de Editos do Concello de Noia, así como na páxina web e na sede electrónica municipal.

QUINTO. Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o dictou, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte á recepción da notificación, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Noia, 15 de marzo de 2016.

A concelleira delegada

A secretaria,

Asdo. M^a Luísa Villar Ageitos.

Asdo.- Marta Vázquez Garea.

